

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I018F</b>	<b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE XULLO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.ª María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.ª Marta María Figueroa Fuentes  
D.ª Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.ª Yessica Méndez Sánchez

**NON ASISTE:**

D. Carlos Liñares Gestal

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.ª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.ª María de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de xullo do ano dous mil vinte, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste o Sr. concelleiro D. Carlos Liñares Gestal.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª. Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.ª María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 20 DE XULLO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 20 de xullo de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 9 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión de biomasa Expediente: UME/2019/423. DOG núm. 146 do 22-07-2020.
- Anuncio do 9 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión de biomasa Expediente: UME/2019/212. DOG núm. 146 do 22-07-2020.
- Anuncio do 9 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión de biomasa Expediente: UME/2017/490. DOG núm. 146 do 22-07-2020.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I018F</b>	<b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0</b>	

- Orde do 9 de xullo de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2020-2021 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M). DOG núm. 147 do 23-07-2020.
- Resolución do 21 de xullo de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se redistribúen as dotacións orzamentarias da Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020. DOG núm. 148 do 24-07-2020.
- Anuncio do 10 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión de biomasa Expediente: UME/2019/565. DOG núm. 148 do 24-07-2020.
- Anuncio do 10 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao requirimento de xestión de biomasa Expediente: UME/2019/259. DOG núm. 148 do 24-07-2020.
- Resolución do 24 de xullo de 2020, da Consellería de Sanidade -Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade-, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. DOG núm. 149 do 27-07-2020.
- Anuncio do 15 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local ao concelleiro D. Abraham Seijas González. BOP núm. 114 do 23-07-2020.
- Anuncio do 15 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo ao nomeamento como Tenente de Alcalde ao concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, D. Abraham Seijas González e, como consecuencia disto, a orde de nomeamento de Tenentes de Alcalde.
- Anuncio do 15 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á reestruturación das áreas municipais de Política social, mocidade e promoción do deporte e da Área de de Seguridade cidadá e persoal, a creación da Área de Mocidade, voluntariado e protección civil e, como consecuencia do anterior, como quedan as áreas de goberno municipal.
- Anuncio do 15 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á delegación xenérica da Área de Mocidade, voluntariado e protección civil a favor do sexto tenente de alcalde, D. Abraham Seijas González, a modificación da delegación conferida por resolución do 18 de xuño de 2020 a prol da primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, o mantemento nos mesmos termos o resto das delegacións xenéricas efectuadas por resolucións do 18 de xuño de 2020 e 8 de xuño de 2020 e, como consecuencia do anterior, como quedan as delegacións xenéricas.
- Anuncio do 15 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á modificación da delegación efectuada por resolución do 18 de xuño de 2019 a prol do concelleiro D. Miguel Suárez García, conferíndolle a delegación especial do servizo de deportes (integrado dentro da Área de Política social e promoción do deporte). BOP núm. 114 do 23-07-2020.
- Anuncio do 22 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2020. BOP núm. 115 do 24-07-2020.
- Resolución do 22 de xullo de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes -Sección de Educación, Cultura e Deportes-, pola que se aproba a concesión definitiva

de subvencións correspondentes ao Programa FO207: Subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, durante o ano 2020. BOP núm. 115 do 24-07-2020.

- Anuncio do 22 de xullo de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do Concello de Culleredo. BOP núm. 116 do 27-07-2020.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

<b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>TEMA</b>	<b>Persoa beneficiaria</b>	<b>Intensidade</b>
07/07/2020	859	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/07/2020 ao causar alta no sistema de dependencia	****613**	Cunha prestación de 26 horas mensuais dende o día 01/08/2020
08/07/2020	864	Dar de baixa no servizo municipal teleasistencia domiciliar e de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/07/20 ao causar alta no sistema de Dependencia	****057**	Cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/08/20,
08/07/2020	867	Conceder o servizo municipal de Axuda a domicilio	****905**	Cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).
10/07/2020	877	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia , con data 29/02/2020 ao causar alta	****102**	Cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/03/2020

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I018F</b>	<b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0</b>	

C.I.F. P-1503100-H

		como dependente		
10/07/2020	878	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/05/2020 ao causar alta como dependente	****877**	Cunha prestación de 13 horas mensuais o día 01/06/2020
10/07/2020	879	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/07/2020 ao causar alta como dependente	****535**	Cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/08/2020
10/07/2020	880	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/07/2020 ao causar alta como dependente	****879**	cunha prestación de 5 horas mensuais o día 01/08/2020

**\*\*PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
20/07/2020	915	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	****746**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020.	77,65€
				Pago do recibo de luz correspondente ao período de 11 de marzo de 2020 a 11 de xuño de	176,14€

Código do documento <b>USG14I018F</b>	Código do expediente <b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0</b>	

				2020.  Pago do recibo de gas correspondente ao período de 11 de febreiro de 2020 a 08 de xuño de 2020.	190,03€
21/07/2020	916	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	****780**	Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 13 de abril de 2020 a 08 de xuño de 2020.	30,18€

C.I.F. P-1503100-H

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
10/07/2020	882	Conceder unha copia da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade por extravío da anterior.	****240**	Cunha vixencia de ata o 22/07/2025.

**\*\*SUBVENCÍONS SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO
21/07/2020	921	Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade ao abeiro da Orde do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban bases reguladoras para o cofinanciamento de proxectos de prevención de	48.303,58€	A Xunta de Galicia a través da consellería de sanidade.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I018F</b>	<b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0</b>	

		<p>condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos na que consta que:</p> <p>Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.</p>		
--	--	--	--	--

**2.3.- SENTENZA 103/2020 DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚM. 5 DA CORUÑA, DILIXENCIAS URXENTES/XUIZO RÁPIDO 1430/2019.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 103/2020, do 7 de xullo de 2020, ditada polo Xulgado de Instrución núm. 5 da Coruña, Dilixencias Urxentes/Xuízo rápido 1430/2019, cuxo fallo condena a A.D.M., como autor responsable dun delito contra a seguridade do tráfico por conducir un vehículo de motor baixo a influencia de bebidas alcohólicas, non concorrendo circunstancias modificativas da responsabilidade criminal, á pena de 30 días de traballos en beneficio da comunidade, e privación do dereito a conducir vehículos de motor y ciclomotores por un período de 10 meses. Con imposición de custas.

O acusado e a compañía aseguradora Mutua Madrileña Automovilística indemnizarán ao Concello de Culleredo na cantidade que se determine en execución da sentenza, con aplicacións dos intereses legais correspondentes.

Á sentenza é firme.

**2.4.- SENTENZA 248/2020 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 2 DA CORUÑA, AUTOS DESPIDO 790/2016.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 248/2020, do 7 de xullo de 2020, do Xulgado do Social núm. 2 da Coruña, Autos Despido 790/2020, cuxo fallo desestima a demanda interposta por R.C.G. (que prestaba servizos para a empresa Artec Arquitectos Obras y Proyectos, SL) contra o concello de Culleredo e outros e absolve as partes demandadas de todos os pedimentos.

A sentenza non é firme, cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza.

**2.5.- DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 167/2019-C.**

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña no Procedemento Abreviado 167/2019-C, demandante SEGURFONDO INVERSION F.I.I. (en liquidación), que acorda declarar a firmeza do decreto 40/2020 que acorda decretar o arquivo do procedemento por satisfacción extraprocesal, sen imposición de custas.

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I018F</b>	<b>USG/2020/96</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3812 4I3K 616T 6U1Y 0KH0	

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e un do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H